

## NOTIFICACIÓNS DO SERVIZO DE COMEDOR

### Correccións do menú de abril de 2022

O día 18 estragouse a peladora/picadora de patacas polo que se viron afectados os menús que levaban patacas fritas.

- **Día 18:** o 2º prato foi substituído por roliños primavera con arroz.
- **Día 23:** o 1º prato deste día foi substituído por pisto de verduras.
- **Día 24:** serviuse como prato único a pescada á romana con ensalada de leituga e tomate.
- **Día 25:** a costela asada serviuse con patacas asadas.

### Información de interese

Neste mes publicouse o novo protocolo Covid. En canto ao comedor, establece que os comensais poderán sentarse sen manter a distancia de seguridade sempre que sexan alumnos/as da mesma aula. En caso contrario, deberán sentarse mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m.

No mes de xuño reorganizaremos o comedor adaptándonos ao novo protocolo, o que nos servirá de proba piloto para o vindeiro curso, onde se retoma o horario de clases pre-Covid e haberá unha soa quenda para comer.

Grazas.